

## **Resolución da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca un programa de mobilidades de FP dual para o curso 2023-2024.**

Na reunión do 10 de febreiro de 2022 o Consello da Xunta deu luz verde á Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030, a folla de ruta para desenvolver esta formación na década actual. Estructurada en sete eixes e con 44 medidas concretas para acadar a consecución dos obxectivos estratéxicos marcados, a nova estratexia fai especial fincapé na internacionalización destas ensinanzas para favorecer a empregabilidade.

O seu Eixe 1. *"Formación adaptada ás persoas e ao sistema produtivo"* persigue a definición dunha oferta integrada, inclusiva e adaptada ás necesidades dos sectores produtivos e ao territorio de Galicia e a intensificación da colaboración na formación entre os sectores produtivos e o ámbito educativo. A modalidade Dual das ensinanzas de formación profesional constitúe unha adecuada resposta que permite adecuar a oferta formativa as necesidades formativas das empresas galegas, incrementando a colaboración pública-privada no deseño e desenvolvemento destas accións formativas.

Dentro do Eixe 6 relativo á *"Internacionalización"* da Formación Profesional galega, estableceuse o obxectivo estratéxico *"OE 6.1. Promoción do intercambio das experiencias do alumnado e profesorado galego no estranxeiro"*, que pretende a posta en marcha das seguintes medidas:

- I.33. Desenvolver estancias formativas profesionais do alumnado e profesorado no exterior, e accións de intercambio de profesorado e alumnado entre centros de FP de Galicia e outros países.
- I.34. Impulsar accións de colaboración con organismos da formación profesional noutros países.
- I.35. Promover a valorización no exterior das competencias profesionais adquiridas en Galicia.



- I.36. Reforzar linguas estranxeiras na formación profesional, para aumentar as posibilidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe. Neste eido, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades impulsa estas medidas que poderán ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco financeiro plurianual 2021-2027, establecendo programas de mobilidade dirixidos a mellorar a competencia profesional e lingüística do alumnado de FP dual a través da súa participación efectiva nestes dous ámbitos, de xeito que se atendan as necesidades de persoal cualificado dos diferentes sectores produtivos e se favoreza a mellora da competitividade e o desenvolvemento do noso tecido produtivo, e a Industria Conectada 4.0. Cómpre, por tanto, convocar este programa de mobilidades de formación profesional dual e, na súa virtude, esta dirección xeral,

DISPÓN:

### **Primeiro. Obxecto**

O obxecto desta resolución é convocar o Programa de Mobilidades de FP Dual para o curso 2023/2024 e establecer as súas bases reguladoras.

### **Segundo. Destinatarios**

Poderán solicitar a súa participación neste programa os centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con alumnado matriculado, no curso 2023-2024, en ensinanzas de formación profesional impartidas na modalidade de formación profesional dual, tanto no réxime ordinario como no réxime de ensinanzas para as persoas adultas.



### **Terceiro. Duración das mobilidades e período de realización**

As mobilidades obxecto desta convocatoria terán unha duración de entre 5 e 10 días e desenvolveranse entre o 1 de novembro e o 15 de decembro de 2023.

### **Cuarto. Ámbito xeográfico**

As mobilidades desenvolveranse fóra do Estado español, no ámbito territorial dos países da Unión Europea e terceiros países asociados ao programa Erasmus+ (Noruega, Islandia, Liechtenstein, República Macedonia do Norte, Turquía e Serbia) .

### **Quinto. Profesorado acompañante**

O centro educativo designará ao profesorado que acompañará ao alumnado de cada grupo na súa mobilidade.

Por cada grupo de 15 persoas designarase a unha persoa acompañante, elixida de entre o equipo docente do alumnado participante. Poderase chegar a dous acompañantes por cada 15 alumnos en casos debidamente xustificadas.

### **Sexto. Solicitudes e prazo de presentación**

Cada centro educativo poderá solicitar máis dun proxecto de mobilidade; por cada un deles deberá cubrir un formulario de solicitude segundo o modelo establecido no anexo desta resolución. Na devandita solicitude deberá constar:

- A programación temporalizada das actividades que se desenvolverán no proxecto de mobilidade e a súa relación cos obxectivos de mellora da competencia profesional e/ou lingüística do alumnado.
- A implicación e participación activa do alumnado, detallando as



tarefas específicas de organización e de desenvolvemento da mobilidade que asumirá o alumnado participante.

- Orzamento segundo o apartado sétimo desta convocatoria.

De presentar máis dun proxecto, o centro determinará a prioridade de cada un deles sobre a base de criterios como:

- A non intervención no curso 2022-2023 nun programa de mobilidade.
- A participación dunha ensinanza plurilingüe.
- A contribución do proxecto de mobilidade á consecución por parte do alumnado da competencia xeral e das competencias profesionais, persoais e sociais incluídas no perfil profesional do título ao que conduzan as ensinanzas correspondentes.
- O impulso da competencia lingüística do alumnado, posibilitado pola realización do proxecto de mobilidade.
- A contribución do proxecto de mobilidade ao mellor desenvolvemento do currículo das correspondentes ensinanzas.
- A importancia do proxecto de mobilidade para un mellor coñecemento por parte do alumnado do entorno produtivo no que desenvolverá a súa actividade profesional.
- O incremento das posibilidades de inserción laboral que favorece a realización do proxecto de mobilidade.

Cada centro deberá enviar as solicitudes, asinadas polo/a director/a do centro, dirixidas á Directora xeral de Formación Profesional ata o 16 de outubro de 2023.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico



normalizado (código PR004A) que se deberá identificar, no apartado "Asunto relacionado", coa denominación "Movilidades FP Dual 2023".

Ademais, remitirase copia das solicitudes e da documentación ao correo electrónico [dinamizaciónfp@edu.xunta.gal](mailto:dinamizaciónfp@edu.xunta.gal), segundo o prazo establecido.

### Sétimo. Orzamento e dotación económica

Cada mobilidade deberá contar cun orzamento desagregado para o seu desenvolvemento consonte os seguintes conceptos: custo da viaxe, apoio individual (aloxamento e manutención) e apoio organizativo.

- **Custo da Viaxe** tanto do alumnado participante como dos seus acompañantes, desde o lugar de orixe ata o lugar onde se desenvolva a actividade, unicamente financiarase a viaxe de ida e volta a un único destino. A distancia calcúlase utilizando o calculador de distancias da Unión Europea e non se ten en conta a quilometraxe (distancia de ida/volta) senón a distancia en liña recta:

Distancia en quilómetros	Desprazamento estándar	Desprazamento Ecolóxico
Entre 10 e 99 km	23 EUR	
Entre 100 e 499 km	180 EUR	210 EUR
Entre 500 e 1999 km	275 EUR	320 EUR
Entre 2000 e 2999 km	360 EUR	410 EUR
Entre 3000 e 3999 km	530 EUR	610 EUR
Entre 4000 e 7999 km	820 EUR	
Igual ou superior a 8.000 km	1.500 EUR	

Por desprazamento ecolóxico enténdese a utilización de medios de transporte sustentables, no que se utilizan medios de transporte de baixas emisións durante a maior parte da viaxe, como o autobús, o tren ou uso compartido de vehículos.

- **Apoio individual:** custo directamente relacionado coa estancia do alumnado participante (aloxamento e manutención) durante a



actividade e, no seu caso, para acompañantes. O custo unitario calcúlase atendendo á duración da actividade, multiplicando o número de días da actividade pola cantidade da seguinte táboa e, se fose necesario, incluíndo un día de viaxe antes da actividade e outro despois dela:

País de destino	Estudantes. Dieta por día	Persoal e Acompañantes. Dieta por día
Noruega, Dinamarca, Luxemburgo, Islandia, Suecia, Irlanda, Finlandia, Liechtenstein.	66 €	117 €
Países Baixos, Austria, Bélxica, Francia, Alemaña, Italia, España, Chipre, Grecia, Malta, Portugal.	57 €	104 €
Eslovenia, Estonia, Letonia, Croacia, Eslovaquia, República Checa, Lituania, Turquía, Hungría, Polonia, Romanía,	48 €	91 €

- **Apoio organizativo:** custos directamente relacionados coa execución das actividades de mobilidade relativas á preparación (pedagóxica, intercultural, lingüística), o control e o apoio ao alumnado durante a mobilidade e a validación dos seus resultados de aprendizaxe. O custo unitario para aplicar é 350 EUR por participante.

As accións derivadas desta resolución contarán cun orzamento de 687.172,95 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.07.422M.640.19 (Proxecto 2023-00219) dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, sen prexuízo de poderen ser incrementada de acordo coas dispoñibilidades económicas desta consellería.

Este programa poderá ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco financeiro plurianual 2021-2027 e pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



## **Oitavo. Xustificación**

Unha vez rematada a mobilidade, a documentación xustificativa que os centros deberán remitir á Dirección Xeral de Formación Profesional serán as probas de asistencia á mobilidade en forma de declaración firmada pola/s sede/s empresariais ou empresas vinculadas nas que se especifique o nome e datos das persoas participantes (incluíndo, no seu caso, a de acompañantes), o propósito da actividade ou visita e datas de inicio e finalización.

## **Noveno. Comisión de selección**

As solicitudes presentadas que se axusten ás bases desta convocatoria serán valoradas por unha comisión presidida polo subdirector xeral de Cualificacións, Planificación e Xestión da Formación Profesional, ou persoa en quen delegue, e integrada por dúas persoas que actuarán como vogais, elixidas entre os funcionarios que prestan servizos na Dirección Xeral de Formación Profesional desenvolvendo postos coa categoría de subdirección xeral, xefatura de servizo ou entre os membros da Inspección Educativa. Desenvolverá as labores de secretaría unha persoa funcionaria desta consellería, que actuará con voz pero sen voto.

A comisión, de ser o caso, poderá contar co asesoramento de persoas especialistas, cuxa participación será solicitada previamente pola Dirección Xeral Formación Profesional.

## **Décimo. Criterios de valoración**

Tras a análise das solicitudes recibidas, a comisión de selección reunirse para a selección e a aprobación de aqueles proxectos de mobilidade que, cumprindo os requisitos mencionados nas bases desta resolución, mellor se axusten aos seguintes criterios:



- Rigor e coherencia no deseño do proxecto de mobilidade, na concreción das actividades e do orzamento.
- Adecuación das actividades formuladas para a mellora da competencia profesional e/ou lingüística.
- Implicación e participación activa do alumnado na organización e no desenvolvemento do proxecto de mobilidade.
- No caso de que o importe total das solicitudes recibidas exceda a cantidade establecida no crédito orzamentario, na elección de proxectos favorecerase:
  - a) A participación do maior número de centros educativos distintos.
  - b) A maior variedade de familias profesionais e sectores produtivos vinculados nos diferentes proxectos seleccionados.

### **Décimo primeiro. Resolución**

A comisión de selección publicará a relación provisional de centros solicitantes e de proxectos de mobilidade admitidos, así como o importe da axuda concedida para cada un deles.

Os centros solicitantes poderán, no prazo de tres días naturais, achegar reclamacións contra a resolución provisional publicada.

Unha vez resoltas pola comisión as reclamacións recibidas, a directora xeral de Formación Profesional ditará resolución definitiva coa relación de centros solicitantes, de proxectos de mobilidade admitidos e o importe da axuda concedida.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do





Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Décimo segundo. Pagamento**

Os importes das axudas concedidas a cada un dos proxectos de mobilidade autorizados recollidos na resolución definitiva serán transferidos de xeito anticipado aos centros solicitantes baixo a fórmula de pagamento en firme a través das correspondentes habilitacións das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

### **Décimo terceiro. Datos de carácter persoal**

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e a norma que a desenvolve, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.
3. A sinatura e presentación da solicitude implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais.
4. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia, como diarios



oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os datos de contacto coa persoa delegada de protección de datos están accesibles no seguinte enderezo <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso as relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos ou a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela

María Eugenia Pérez Fernández

